

Actividades ano 1995:

Está por esta metade dos anos 90, a nosa asociación instalada nunha marcha moi intensa, que a vai consolidando cara o futuro, como un ente moi dinámico. Pódese observar sobre todo, como se está creando a necesidade dentro da sociedade da Bandeira, de ter este lugar de esparcemento e ocio, reivindicado por parte de moitos sectores. Estamos tamén en anos en que o nivel de vida vai medrando, así como unha mellora na economía a nivel xeral. Todo isto, leva a que as persoas de xeito individual, así como as familias de xeito colectivo, vaian organizando mellor o seu tempo libre, e dándolle importancia ás horas de lecer.

Veremos tamén importantes novidades, como son a rodaxe dunha película, un feito que espertaría grande expectación na comarca enteira, ao tempo que plasmou boa parte da nosa riqueza natural. Son de destacar tamén a consolidación dos cursos FIP para des-empregados/as, que dan moita consistencia ao plan formativo da asociación.

Actividades:

Comezara o curso de manualidades no mes de outubro do ano 1994 e asistiron a el 31 alumnos/as. Desenvolvéronse as técnicas de repuxado da madeira e decoración do vidro. Rematou o 30 de xaneiro do 1995 coa entrega de diplomas. Outra actividade con aceptación foron os cursos de ganchillo, aos que asistiron 17 alumnas baixo a dirección da vicepresidenta Pilar López. Comezaron o día 7 de febreiro, as clases foron os martes e os xoves de 6 a 8 da tarde. Rematou o 30 de maio.

Mirando sempre polo bo comer, houbo un curso de repostería, que comenzou o 20 de febreiro e continuouse o 13, 20 e 27 de marzo. Os días de clases foron os luns e os horarios, a partires das 8 da tarde. Nel inscribíronse máis de 60 persoas, ao final de cada clase sorteábanse os menús feitos cada día.

Importante foi o Curso de Xestión de Empresas, concedido pola C.I.G. e mailo FOREM (Fundación para a formación continua). Dirixido a persoas que estivesen traballando, e totalmente gratuito. Realizaron 100 horas de clase, para 15 prazas con dereito a diploma acreditativo.

E aínda que non se puido levar a cabo o curso de fotografía por falta de matrícula, si tivo aceptación neste ano o curso de Bailes de Salón, impartido dende o 7 de abril cunha duración de tres meses. Ao final do curso, os alumnos tiveron que superar un exame para levar diploma. Participaron 21 persoas. Foi tal o éxito conseguido, que houbo un segundo curso de bailes que organizamos este ano, nel participaron 36 persoas. As clases son agora os venres divididas en dúas quendas, o primeiro de 9 a 10.30 e o segundo de 10.30 ata as 12 da noite. Os bailes *estudados* foron os seguintes: Vals

vienés e inglés, Rumba, Tango, Pasodoble, Fox, Cha Cha Cha, quick Step e Jive. Este Curso rematou a principios do 1996.

No carnaval infantil que tivo lugar o 27 de febreiro, os nenos e nenas, puideron divertirse coa actuación do paiaso Poppin, o baile de disfraces e a merenda que se lles ofreceu ao remate.

Houbo tamén no apartado lúdico, unha boa excursión a S. André de Teixido, foi o domingo 7 de maio un grupo de 49 persoas que xa non terán que ir de mortas, pois xa foron a Teixido, pasando por Betanzos, Fene, Ferrol, etc. e ao regreso visitaron Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, etc.

Unha vez máis, a Semana Cultural, foi o buque insignia da actividade cultural propiamente dita. Do 15 ao 20 de maio, tivo lugar esta Semana Cultural cos seguintes actos:

Conferencias:

Prevención do problema da drogadición.

Actuación e tratamento do drogo-dependente.

Orientación en estudos.

Ecoloxía doméstica.

Exposicións:

Carteis de todos os anos das festas da empanada.

Traballos realizados nos cursiños de manualidades e ganchillo.

Exposición de traxes antigos.

Exposición en debuxos, sobre a vida e obra de Rafael Dieste (feita polos alumnos de E.X.B.do C. P. de Bandeira)

Actuacións:

Grupo de Teatro Acoradouro.

Coral Polifónica Trasdeza de Silleda.

Grupo Folclórico Xirandola.

Banda de Música R. e Cult. de Bandeira.

Contouse coa colaboración da Sociedade Deportiva para a organización de Xogos infantís e demostración de xogos populares, e tamén o Club Petanca organizou un campionato infantil de Petanca.

Coa impartición do curso Aplicacións informáticas de xestión, do Plan FIP, concedido pola Consellería de Familia Muller e Xuventude e cofinanciado polo Fondo Social Europeo, a nosa asociación dá un paso cara a formación máis “regrada”, ao tempo que nos convertemos en centros colaborador da Xunta de Galicia. Con data de saída 9 de maio do 95 veunos aprobada a homologación do Centro co número 36.149, podendo impartir dende entón as especialidades formativas:

- *Secretaría de dirección.*
- *Auxiliar Administrativo.*

Foi dirixido a 15 alumnos/as en situación de paro e cunha duración de 300 horas. Comezou o día 10 de novembro e rematou o 22 de xaneiro, con horario dende as 9 ata a 1.15 da tarde.

Novidoso foi o curso de Coidado de plantas de interior, cunha asistencia de 16 persoas. Comezou o martes 7 de novembro e rematou o martes 13 de decembro, o horario foi de 8.30 a 10 da noite, todos os días, ao rematar a clase, sorteábase unha planta entre os asistentes.

A importancia da colaboración do Concello, tamén se vén facendo patente durante todos estes anos, tanto no importante xa mantemento do edificio, como nesas obras de mellora que non deben pasar desapercibidas, pois delas depende o día a día da nosa asociación. Así por exemplo, neste ano leváronse a cabo as seguintes colaboracións co Concello de Silleda:

Colaboración na Festa de Papá Noel do ano 94 coa actuación dun paiaso.

Festa infantil do Antroido, tamén coa colaboración dun paiaso.

Semana Cultural, coa organización de conferencias, actuación da Coral de Silleda, etc.

Colocación dunha porta que divide o salón dos servizos, co cal queda independente o salón da 1ª planta.

Mantemento da fotocopiadora, así como a auga e a electricidade.

Colaboración no resto das actividades que se lles solicita.

Enmarcado dos dezanove carteis das festas da empanada.

Colaboracións:

Un ano máis, temos que contar coas de sempre, coa Banda de Música, Xirandola, a Sociedade Deportiva, a Rondalla, a Asociación de Veciños, coa unidade móbil do Hospital Montecelo de Pontevedra, etc. Aparece este ano colaboracións coa Asoc. Forestal de Galicia, que mediante reunións cos veciños, explicaron temas relacionados coa mellora das explotacións forestais.

Pero se algo quedou na retina dos de Bandeira, foi a rodaxe dunha película, pois a asociación, colaborou coa organización da rodaxe da película La Ley de la Frontera, que foi rodada en Carboeiro e nas Canteiras. Ofrecémoslles o sitio para realizar as probas dos extras, axudámoslle a conseguir xente para a rodaxe, etc. Tamén axudamos á Asociación Española Contra el Cancer: No mes de novembro viñeron dar unha charla informativa sobre o funcionamento da Asociación e nós comprometémonos a colaborar con eles no que nos pedisen.

Doazóns:

Foi este un ano, abondoso nos corazóns da nosa xente. E houbo que agradecer as doazóns que algunhas persoas deste pobo, fixeron a esta Asociación, e que pola súa xenerosidade, é de xustiza reflectilos aquí:

En primeiro lugar, houbo que agradecer a Dn. Ismael Dominguez Campos, a doazón da maior parte dos carteis anunciadores da Festa da Empanada, que doutra maneira serían difíciles de conseguir. E polo mesmo motivo, foi de agradecer a Merchi Cuiña, tamén a doazón dalgún dos carteis que faltaban.

A Dn. José Espiño Matos que tamén fixo unha doazón de libros moi importantes, relacionados co camiño de Santiago, e a Dn. Alfredo López García pola doazón de dous maniqués e un percheiro con rodas para poder colgar o vestiario que temos neste Centro.

Por último, o 16 de decembro, reuniuse a Asemblea Ordinaria, presentando un magnífico balance, e leuse a memoria de actividades, situación da Biblioteca do Centro, as solicitudes de subvencións feitas ao longo do ano, as colaboracións con outras entidades, as doazóns recibidas, o estado de contas e o balance final que resultou cun saldo a favor de 229.074 Pts. Das que se adebedan ao profesor de baile de salón 216.000 Pts. E ao Grupo Xirandola 25.000 Pts, polo que ao satisfacer estas débedas quedou un saldo negativo de 11.926 Pts.

Como é costume de todos os anos, ese día 16 de decembro, ás 8 da tarde celebrouse tamén neste Centro a festa dos socios, actuaron un grupo de rapaces da Banda interpretando unhas panxoliñas, e ao remate os asistentes foron convidados a uns pinchos. O 25 de Nadal como sempre foi tradicional, celebrouse a festa de Papá Noel para todos os nenos da comarca na que participou a Banda de Música de Bandeira que acompañou a Papá Nöel pola vila un ano máis. Este ano a Comitiva saíu da Igrexa de Mánduas nun tren especial para os nenos que percorreu as rúas. Xa dentro do Centro, Papa Noel repartiu como sempre agasallos a todos os asistentes, tivemos xogos para os nenos, e para rematar, unha pequena merenda.

E para rematar o ano, a Sociedade Deportiva Bandeira organizou a tradicional festa de fin de ano na que participaron un gran número de persoas que recibiron o ano novo con ilusión e felicidade.